



**CONSELLO
ESCOLAR
MUNICIPAL
DE VIGO**

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

Acta

Acta aprobada na sesión plenaria do día 27/10/2010

Data	01/07/10		
Lugar	Instituto Municipal de Educación (IME)		
Hora de comezo	18:40:00 (2ª Convocatoria)	Fin da xuntanza	21:09:00
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> - Presidenta, Laura López Atrio - Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero - Secretario, Rafael Ojea Pérez - Representante Xunta de Galicia, Maximino García Rubio, en substitución de Gonzálo Fernández Fernández, con voz e sen voto. - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> o Antonio Madrid Risquez o Mª del Carmen Lorenzo Vila o Santiago Rodríguez Sánchez o Adolfo Gálvez Pazos o Isidro A. Amoedo Rodríguez o Mercedes Alonso Padrón - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> o Mª Bertila Fernández Pérez o Xosé Manoel Pena Gayo o José F. Rodríguez Pérez o Mª Pilar Gabián Iglesias o Mª Cristina de la Calle Rodríguez o Julia Fernández Casado o Silvana Mª Moscoso Pérez o Cynthia B. Pereira Romero - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> o Alfonso Guitián Álvarez o Manuel Rodríguez González o Xan F. Centrón Montero o Ángeles Arias Miño o Rodrigo Romaní Blanco 		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> - Sector docente: Xesús Rodríguez Amil, María López Bodaño - Sector usuarios/as: Mónica Touza Troncoso - Sector social: Consuelo Martínez García, Joaquín Pereira Somoza, Anxo Queiruga Vila 		
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> - Sector docente: Marina Pérez Costas, Jesús A. Camino Soutullo - Sector usuarios/as: Beatriz Blanco Bastos - Sector social: José A. Fernández Rodríguez, Dolores Casariego Lois 		
Asistencia técnica e Servizo de Educación	<ul style="list-style-type: none"> - Pedro Vázquez Iglesias (Técnico do Servizo de Educación). - Laura Cruz López (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV). 		

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
2. Informe dos resultados da elección de alumnado e presentación das representantes do CEMV.
3. Informe da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa.
4. Informe da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa.
5. Valoración e aprobación, se procede, da proposta ao Pleno da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre o CEIP Altamar.
6. Información sobre o recurso de alzada interposto por CC.OO. contra o reparto do profesorado non universitario de centros públicos no sector docente, e da resolución da Presidenta do CEMV.
7. Rolda de preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.

Acordos adoptados

Aprobación por asentimento da Acta da sesión de constitución do CEMV do 12/05/2010.

2. Informe dos resultados da elección de alumnado e presentación das representantes do CEMV.

Informa a Presidenta do CEMV, *Laura López Atrio*, sobre este asunto:

- Presentáronse un total de 12 alumnos e alumnas de 9 centros privados e 3 públicos de secundaria.
- Exerceron o seu voto 19 alumnos e alumnas representantes dos consellos escolares de centro.
- Como resultados das votacións tres candidatas optaron directamente a representar ao alumnado no CEMV, por número de votos. A cuarta representante elixiuse por consenso entre tres candidatas que obtiveron o mesmo número de votos.
- Finalmente, as representantes do alumnado no CEMV son:
 - M^a Cristina de la Calle Rodríguez, 1^o de Bacharelato, EPAPU Berbés.
 - Julia Fernández Casado, 1^o de Bacharelato, IES do Castro.
 - Silvana M^a Moscoso Pérez, Ciclo Formativo, CPR Mendiño.
 - Cynthia B. Pereira Romero, 4^o ESO, CPR M^a Inmaculada.
- En xuntanza cos e coas candidatas, o Servizo Municipal de Educación propuxo ao alumnado conformar un grupo con todas e todos os candidatos, aberto á participación doutros/as representantes de alumnado nos consellos escolares dos centros de Vigo, para dar soporte e axuda ás 4 representantes do CEMV na elaboración das súas propostas.

3. Informe da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa.

- A Presidenta do CEMV dá a palabra á presidenta da Comisión, M^a Carmen Lorenzo Vilas,

que presentou as competencias da mesma. Indica que o obxectivo estratéxico da comisión é mellorar a convivencia escolar para unha escola de valores, unha cidadanía crítica e responsable e unha sociedade máis xusta. Céntrase nos seguintes eixes:

1. *Convivencia*, entendida de forma ampla, englobando programas de integración, de prevención e de atención ao alumnado con problemáticas diversas, para unha educación de calidade e inclusiva.
2. *Participación*, da comunidade educativa en xeral, aínda que se priorizou a participación das familias. Neste bloque integraríase: a relación familia-escola-territorio, a coordinación e a formación para a participación, tanto das familias, como dos/as docentes, e do alumnado.
3. *Proxectos de innovación educativa*: dinamización da lectura, concienciación cidadá, formación, etc.

No curso académico 2010-2011 priorizarán o eixe da Convivencia, comezando polo estudo do que existe na realidade escolar actual e contrastando cunha análise das necesidades de diferentes colectivos en situación de dificultade. Para iso, empregarán técnicas como a DAFO ou entrevistas coas entidades que traballan con distintos colectivos.

A presidenta da Comisión indica que se trata dun borrador e que terán unha nova xuntanza o 26 de xullo no IES da Guía para concretar o plan de traballo que se presentará no seguinte Pleno do CEMV.

- *Laura López Atrio*, suxire á Comisión traballar sobre o tema da educación e desenvolvemento da intelixencia emocional, do que toma nota a presidenta da Comisión.

4. Informe da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa.

- Intervén *Mercedes Alonso Padrón*, presidenta da Comisión, indicando os dous eixes ambiciosos nos que se centrará o traballo da Comisión.
 1. *Mapa Escolar*, onde se integrarían actuacións dirixidas a actualizar, racionalizar e mellorar a zonificación dos centros escolares, que consideran obsoleta. Neste bloque contémpanse tamén as actuacións relacionadas con comedores escolares, transporte, matriculación e incremento da oferta pública no centro da cidade que actualmente ten unha carencia significativa.

Consideran importante partir do estudo da realidade. Neste senso propoñen a posibilidade de asinar un convenio coa Universidade para elaborar un informe sobre o Mapa Escolar de Vigo, no que fundamentar o seu redeseño nun proxecto que se deberá presentar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

2. *Infraestruturas*, incluíndo o relativo ao estudo da existencia, uso e estado das infraestruturas, recursos e instalacións dos centros de ensino públicos e privados da cidade de Vigo.

Dentro deste segundo eixe anuncia a proposta sobre a situación do CEIP Altamar elaborada dende a Comisión para ser tratada no Pleno do CEMV.

- Intervén *Maximino García Rubio*, representante da Xunta de Galicia en substitución de *Gonzalo Fernández Fernández* que se atopa de baixa por enfermidade. Manifesta a súa subscripción plena ao que avanzado pola Comisión de Equipamentos.

Verbo da revisión da zonificación indica a dificultade de abordar este tema no que se refire a conseguir solo para a construción de novos equipamentos, ademais, apunta que as prazas ofertadas son suficientes para a poboación de Vigo.

Argumenta que a planificación escolar de Vigo se fixo “sobre a marcha”, en función das necesidades que ían xurdindo, motivando o desprazamento da oferta pública cara a periferia. Isto conleva uns custos importantes en canto a transporte escolar.

Respecto á escolarización, considera necesaria a súa revisión. Indica que nos anos oitenta

se realizou a zonificación en relación aos centros de EXB, sen incluír os institutos públicos e centros privados con bacharelato. A aplicación da LOXSE obrigou a desprazarse aos institutos e estes non coinciden co lugar onde están os colexios. É dicir, os institutos teñen unha zonificación distinta, o que leva a que teñamos dúas zonificacións que non coinciden, co que se producen dúas convocatorias paralelas. Considera urxente revisar esta realidade e indica que lle corresponde á Consellería de Educación e á Comisión de Escolarización.

Finalmente, en relación ao CEIP Altamar, o Inspector resalta a situación carencial do Colexio e subscribe completamente a proposta da Comisión de Equipamentos, indicando que conste en acta. Verbo da primeira parte da proposta, indica que calquera das solucións que se encontren será positiva para o Colexio dado que a situación na que se atopa non reúne criterios de calidade: aulas con tamaño inaxeitado, con ventilación pobre e con difíciles posibilidades de evacuación... Incide na importancia de que as dúas administracións se senten a buscar as solucións.

- *Alfonso Guitián* apunta que debemos felicitarnos polo acordo manifestado pola administración educativa coas propostas, xa que non é sempre o habitual. Respecto da zonificación escolar coincide en que houbo erros na construción dos centros no seu día, o que provoca situacións inadmisibles, por exemplo, co transporte escolar. Como non hai oferta pública no centro de Vigo é necesario transportar a quen queira matricularse na rede de centros públicos. Apunta tamén que é posible mellorar esta situación e que para iso está o CEMV, e o exemplifica coa posibilidade de que o edificio *A Gota de Leite* poida servir para albergar un centro público, solicitando que conste en acta.
- *Laura López Atrio*, cita o estudo da Concellería sobre o Estado da situación dos Centros Públicos de infantil e Primaria e indica que cada centro o ten no seu poder. Un estudo elaborado por tres arquitectos que analiza pormenorizadamente as deficiencias de cada Centro Escolar de Infantil e Primario e contempla prazos de mellora e custes unitarios. Informa de que ten a obriga de enviar a Inspección educativa este estudo, aínda que xa foi enviado ao Conselleiro de Educación. Apunta que a intervención municipal en reformas e ampliacións non son competencias obrigatorias.

5. Valoración e aprobación, se procede, da proposta ao Pleno da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre o CEIP Altamar.

- Intervén Laura López Atrio, Presidenta do CEMV, trasladando o proceso desenvolvido e as actuacións realizadas pola Concellería de Educación para a búsqueda de alternativas á situación do CEIP Altamar.

Indica que a primeira posibilidade valorada foi a do desenvolvemento do PEPRI e cesión do solar de máis de 10.000 metros cadrados. Tendo en conta que Vigo ten poucos centros públicos no centro da cidade, parecía a solución máis axeitada para crear un colexio con dúas liñas como mínimo. Non embargantes, ao non desenvolverse a construción, non se desenvolve o PEPRI e, en consecuencia, non hai solares.

A alternativa do Colexio en Liste nunca foi unha posibilidade real presentada pola Concellería e conta coa oposición da vecindade con máis de 3000 sinaturas.

Solicitouse un informe á Xerencia Municipal de Urbanismo no que se fundamenta a posibilidade de reformar o Centro no espazo actual. Esta constitúe a proposta definitiva do Concello de Vigo, de ampliación in situ e utilización dos espazos do Instituto Municipal de Deportes con exclusividade en horario escolar.

Lee a proposta da Comisión de Equipamentos e o certificado emitido polo secretario do CEMV, Rafael Ojea, derivado da xuntanza da Comisión Permanente.

A proposta, literalmente di:

ANTECEDENTES

O CEIP ALTAMAR é un colexio público de Educación Infantil e Primaria situado no casco urbano do concello de Vigo, no barrio das Travesas. É un centro dunha única liña con matrícula completa e alta demanda.

O colexio Altamar adoce dunha falta de espazo estrutural dende a súa orixe, precisando urxentemente dunha solución. Non é admisible que na segunda década do século XXI e despois de que a cidade se dotase dun planeamento de ordenación urbana, un colexio no concello de Vigo careza dos espazos axeitados necesarios para as funcións que desenvolve. É tamén unha demanda crecente da comunidade escolar afectada.

Nos últimos tempos baralláronse varias alternativas. Todas elas manteñen, como non pode ser doutra maneira, a inserción do colexio no barrio e deben garantir o futuro do centro escolar cunhas instalacións completas e dignas.

Dúas administracións comparten a responsabilidade nesta materia e, polo tanto, ambas están obrigadas a procurar e materializar a solución deste problema. O tempo pasa e a situación permanece inmóbil. É preciso axilizar a toma dunha decisión conxunta e a súa execución.

Por todo isto, A COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E DE PLANIFICACIÓN EDUCATIVA

PROPÓN

Que o Pleno do CEMV INSTE CON CARÁCTER DE URXENCIA á Consellaría de Educación da Xunta de Galiza e á Concellería de Educación e goberno municipal de Vigo, a adoptar un acordo inmediato antes de rematado o presente ano, que inclúa as actuacións necesarias para a construción dun novo colexio para o CEIP Altamar, con todas as instalacións precisas, na zona na que se ubica o colexio.

Que o Pleno do CEMV SOLICITE de ambas administracións os estudos previos e informes técnicos pertinentes, para o seu coñecemento.

- Intervén o secretario, *Rafael Ojea*, preguntando se existe algunha enmenda por escrito sobre a proposta.
- Intervén *Mercedes Alonso Padrón*, presidenta da Comisión de Equipamentos, e indica que, dado que descoñecían o Informe de Urbanismo, aceptan que se elimine o punto 2 da proposta, e a modificación do punto 1 adoptando a proposta da Concellería de Educación en función de que exista un compromiso municipal na utilización exclusiva dos espazos de patios en horario escolar do CEIP.
- *Rafael Ojea*, indica o proceso a seguir, que sería expoñer as enmendas, someter todo a debate e votar a proposta e as enmendas.
- *Laura López Atrio*, lee a enmenda da Presidencia do CEMV que literalmente di:

ENMENDA Á PROPOSTA DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E DE PLANIFICACIÓN EDUCATIVA DO CEMV SOBRE A SITUACIÓN DO CEIP ALTAMAR

(PUNTO 5 DA ORDE DO DÍA DO PLENO DE 1/07/2010)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

ANTECEDENTES

A Secretaría xeral da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en escrito de data 24/02/2010, solicitou ao Concello de Vigo a oferta de posibles solares para a reposición do CEIP Altamar.

A Concellería de Educación estudou de xeito pormenorizado tódalas alternativas posibles que foron comunicadas en distintas reunións cos responsables da Xunta de Galicia, indicándolles, nesta fase previa, a extrema dificultade para atopar terreos dispoñibles para a construción do novo Centro no contorno do Colexio actual.

Dadas as dificultades insoslaibables atopadas neste momento do desenvolvemento urbanístico e inmobiliario da cidade para a xestión de solares en área urbana, que dependen de cesións de terreos para uso dotacional no desenvolvemento de figuras urbanísticas cuxa execución está intimamente vencellada coa evolución do mercado inmobiliario en tempos de grave crise deste sector, o Concello de Vigo propuxo, como opción viable, a ampliación do centro na súa ubicación actual. Neste sentido, de acordo co informe de data 26/05/2010, da Xerencia de Urbanismo, órgano competente do Concello de Vigo nesta materia, a ampliación é legalmente posible ao posibilitar o planeamento vixente unha edificabilidade a maiores na parcela actualmente ocupada polo CEIP Altamar de 1.200 m²,

completables, a efectos de garantir a existencia de patios, zonas deportivas e de lecer, co uso exclusivo durante o horario escolar, das instalacións anexas ao actual Colexio, de propiedade municipal e xestionadas polo Instituto Municipal de Deportes.

Despois das intensas conversas mantidas entre o Concello de Vigo e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a Concelleira delegada de Educación, en escrito de data 26/06/2010, formalizou perante a Secretaría xeral do departamento educativo autonómico, a proposta de ampliación citada, nos seguintes termos literais:

En relación co seu escrito de data 24/02/2010 (Rex. Num 5406) sobre oferta de posibles solares para a reposición do Centro de educación infantil e primaria de Altamar, nesta cidade, comunícase o seguinte:

1. Non existen solares dispoñibles aptos para o uso solicitado no entorno actual do Centro Altamar. A disposición de terreos de uso escolar que poderían acoller un novo Centro educativo na zona está diferida ao desenvolvemento e xestión de Unidades urbanísticas próximas previstas no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, nas que se contemplan cesións para uso dotacional. Este desenvolvemento non é probable a curto prazo, habida conta da situación de crise na que se atopa o sector inmobiliario.

2. Non embargantes, este Concello entende que é posible e desexable realizar a reposición do Centro Educativo, cumprindo os requisitos establecidos no RD 1537/2003, coa ampliación e adaptación no mesmo lugar no que se ubica o Centro existente, mediante a ampliación do edificio actual, combinada co uso regulado exclusivo durante o horario escolar das instalacións deportivas municipais anexas ao actual edificio e que están a ser xa neste momento parcialmente utilizadas polo Colexio.

3. De acordo co informe das Oficina Municipal de Obras e Proxectos Municipais de data 26/06/2010 -copia do cal se achega con este escrito-, esta ampliación é urbanística e materialmente posible e permitiría contar, a maiores das instalacións actuais, cunha nova superficie escolar edificada de aproximadamente 1.200 m².

Á vista do expresado, é vontade deste Concello establecer a máxima colaboración coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia para acadar a mellor adaptación deste Centro Educativo ás condicións requiridas pola lexislación vixente e poñer os medios necesarios para axilizar na medida do posible o procedemento administrativo necesario para a concesión de permisos e licencias que permitan a ampliación do Colexio Altamar.

Debe considerarse que o a dotación de Centros Escolares de Infantil e Primaria é unha competencia exclusiva da Administración Autonómica e corresponde ao Concello de Vigo, conforme ao disposto na Disposición Adicional 15.4 da Lei Orgánica 2/2006 de Educación, “cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes”.

A formulación recollida na Proposta da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa do CEMV, non é axeitada, habida conta que non ten cabida “un acordo” neste sentido por non ser de competencia municipal a dotación deste equipamento, senon o cumprimento por parte de cada administración das competencias legalmente establecidas. Polo que respecta ás do Concello de Vigo, referidas á “cooperación na obtención de solares”, enténdense exercidas na oferta realizada Xunta de Galicia de ampliación in situ do Colexio, habida conta de que non é materialmente posible outra opción.

Débese ter en conta neste sentido que o Concello de Vigo, no exercizo das súas competencias en materia de ordenación urbanísticas, fixo a previsión de solares suficientes para un novo equipamento educativo nunha Unidade de Actuación Urbanística dentro da zona escolar do Colexio Altamar prevista no PXOM vixente.

Non embargantes, a imposibilidade material de dispoñer destes terreos a curto prazo e a previsión de que estes terreos non se liberarán para usos dotacionais mentras persista a situación de crise económica e do sector inmobiliario, obriga a buscar unha solución que solucione de xeito legal e razoable a situación de estreiteza espacial e funcional do actual Colexio.

PROPOSTA DE ENMENDA

En consecuencia co anteriormente expresado, proponse ao Pleno do CEMV, a consideración e aprobación da seguinte **enmenda total** á proposta realizada pola Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, que quedaría redactada do seguinte xeito:

“Coñecida e analizada polo Pleno do CEMV a situación do CEIP Altamar; considerando que a

situación actual precisa dunha urxente solución para acabar coa evidente falta de espazo e inadecuación á normativa nesta materia; coñecidas as dificultades urbanísticas para a disposición de terreos libres axeitados na zona do Colexio para ubicar un novo edificio; visto o informe urbanístico presentado polo Concello de Vigo no que se indica a legalidade e factibilidade de ampliación da edificación existente ata acadar as superficies mínimas obrigadas pola normativa vixente en materia de construcións escolares de infantil e primaria;

Propónse á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que -agás mellor alternativa legal e materialmente posible que poida aportar a Administración Autonómica-, o seguinte:

Tomar en consideración e, se é o caso, executar no máis breve prazo posible, a oferta municipal de remodelación e ampliación en 1.200 m² das actuais instalacións do CEIP Altamar na rúa Cesáreo González:

Propónse ao Concello de Vigo, que realice as xestións oportunas para axilizar no posible a concesión, se é o caso, dos permisos e licencias necesarias e para poñer a disposición do novo Colexio o uso exclusivo en horario escolar de instalacións abundas para completar o programa de necesidades de patios e zonas de ocio nas anexas ao Colexio de propiedade municipal pertencentes ao Instituto Municipal dos Deportes”.

- Silvana Moscoso, representante do alumnado, indica que hai un decreto máis recente do que aparece no informe de urbanismo: Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, por el que se establecen los requisitos mínimos de los centros que impartan las enseñanzas del segundo ciclo de la educación infantil, la educación primaria y la educación secundaria (BOE nº 62, do 12 de marzo de 2010).
- O inspector, *Maximino García*, apunta a importancia de saber que existen dúas solucións posibles e entra a valoralas.

1. Derrubar e construír en Altamar:

Manifesta que o informe da Xerencia de Urbanismo ten erros. Afirmar que a parcela non é de propiedade municipal, senón da Xunta de Galicia (concretamente da Consellería de Traballo e Benestar) -aporta un documento relativo á referencia catastral-, o que pode acarrear dificultades para desenvolver a proposta da Consellería de Educación.

Tocante a poder erguerse dúas plantas, indica que a parcela engloba: o Colexio Altamar no medio, á esquerda, a residencia de estudantes e, á dereita, o salón de actos da residencia, a casa do director e un pequeno patio desta. Iso suporía uns 1.100 metros cadrados de superficie. Deles, habería que retirar o correspondente ao patio. Segundo el habería unha edificabilidade de 800 metros cadrados por planta, se respectamos o patio. Ademais indica que se debería compensar á residencia cun salón de actos, aínda que fose de uso común. Un condicionante previo sería, pois, a desafectación da parcela para que de desgalle en dúas partes. A solución é factible, pero habería que ir a 4 plantas.

2. Construír na parcela do Museo Liste, espazo verde pero dotacional.

4500 metros cadrados, dos que serían suficientes 3500, non sendo necesario levantar catro alturas. O inspector decántase pola solución do Museo Liste. Primeiro porque é máis económica, porque non implica os custes de derribar o edificio e almacenar os escombros, por exemplo. Tamén existe o problema do alumnado mentres que se reedifica. E mesmo o tema dos tempos. A construción levaría mínimo un ano, cos inconvenientes que isto tería. Outro inconveniente é que temos que ampliar os patios. É dicir, sempre nos encontramos nunha posición subsidiaria respecto da construción no Museo Liste.

- A representante das alumnas, *Silvana Moscoso*, considera que non é unha boa solución reconstruír o CEIP no Altamar, sería facer un “remache”. Apunta os posibles problemas de seguridade, en caso de ter que evacuar catro plantas, e outras dificultades que se poidan derivar de compartir espazos.
- *Alfonso Guitián*, apunta que na Comisión Permanente se decidiu trasladar a decisión ao Pleno para escoller unha postura. A súa é apoiar a alternativa municipal xa que cumpre as normativas legais. A posibilidade do Museo Liste non a contempla por motivos de

responsabilidade cidadá, xa que considera que non se debe seguir edificando en espazos verdes. É unha zona aberta indispensable para o barrio.

- Apunta que o Concello xa “moveu ficha”, buscou alternativas e elaborou o informe pertinente. Agora tócalle á Consellería. Teme que as dúas administracións se pasen a pelota de tellado en tellado e que remate en non facer nada. A Consellería debería dar, se é o caso, outra alternativa.
- *Antonio Madrid* pensa que hai que dar unha solución urxente para impartir as clases con calidade e seguridade. De poder elixir, a súa opción sería a do Museo Liste, pero consideran que o importante é adoptar unha solución xa, independentemente de cal sexa.
- *Xan Centrón* fixo referencia ao informe do catastro indicado por Maximino e apunta a posibilidade de que tanto este como o da Xerencia de Urbanismo sexan axeitados, xa que, aínda que a finca urbana é da Xunta de Galicia, cando se elimine esta será propiedade municipal, como era orixinariamente.

Apunta tamén que na alternativa do Museo Liste tamén se contempla unha subsidiariedade no que respecta ao patio. En ambas alternativas fálase dunha utilización de espazos en período lectivo e dotacionais do barrio en tempo non lectivo, co cal estaríamos en situación parecida.

- *Maximino* apunta que o Real Decreto derivado da LOE é de aplicación subsidiaria.
- A Presidenta do CEMV, *Laura López Atrio*, indica que o Concello non ve axeitado facer o edificio na parcela Liste. Os veciños tamén consideran que de haber outra opción non se debe privar ao barrio dese espazo. Considera que debe primar o argumento economicista como elemento de xuízo, xa que contar con espazos abertos e verdes é unha cuestión de calidade de vida.
- En relación coa propiedade, insístese en que se trata dunha cesión á Consellería, pero que é de propiedade municipal. En canto ao uso do espazo, apunta que se podería solucionar cun espazo de usos múltiples, que podería empregar a residencia de estudantes como salón de actos, pero tamén se podería utilizar o auditorio máis próximo dos institutos santa irene e feminino.
- *Bertila Fernández* informa de que a FOANPA tivo unha reunión coa asociación de pais e nais de alumnos/as do Altamar. Solicitan que se tome unha decisión por parte das administración e están abertos a calquera solución sempre que sexa en beneficio do alumnado.
- *Laura López Atrio*, en canto ao uso dos espazos, insiste en que foi enviado o informe da Xerencia de Urbanismo á Consellería de Educación pero que de momento non hai resposta. Dende o Concello están dispostos a facer un convenio coa Xunta de Galicia para obter un mellor rendemento.
- *Xan Centrón*, en canto ao tempo de construción, considera que se hai vontade e cartos, os tempos redúcense enormemente, e insiste na importancia de preservar a zona verde.
- *Santiago Rodríguez*, apunta que non temos que definir a nosa preferencia, que o que demanda a comunidade escolar é unha solución inmediata.
- *Mercedes Alonso*, considera que, dado o carácter de urxencia, o importante é adoptar unha solución. Se dende o Concello hai unha proposta factible se debería apostar por ela.
- *Rafael Ojea*, lembra que as competencias municipais nesta materia. A Consellería solicita terreos edificables e é o Concello quen ofrece aqueles dispoñibles. Neste sentido, a alternativa do Museo Liste nunca foi aportada polo Concello, polo tanto non existe como tal. Por outra banda, o Concello é representante dos intereses xerais da cidadanía, e entende que esa parcela debe ser preservada, xa que existe unha carencia de espazos verdes.

Apunta que o papel do CEMV non pode reducirse a incidir sobre o carácter de urxencia, xa que perdería o seu sentido como órgano participativo e asesor. O obxectivo deste Consello, como representantes da comunidade educativa, é debater, analizar todas as alternativas -se non dispoñemos da información suficiente, solicítala-, pero, finalmente, emitir unha opinión formada.

No que respecta á cuestión económica, engade que o valor social e económico do que se perde tamén existe, e hai que telo en conta en caso de considerar a opción do Museo Liste.

- Intervén *Silvana Moscoso*, insistindo en que se trata dun tema político, que afecta que agora haxa partidos diferentes no goberno da Xunta de Galicia e no municipal. Considera que non é unha solución que se faga en Altamar.
- *Maximino García* insiste no tema da parcela, que é necesario desgallala e desafectala.
O tema dos custos, son asumibles dada a urxencia, pero construír con esta edificabilidade leva moito tempo xa que se trata dun edificio de catro alturas. Tamén insiste no tema da necesidade de ceder espazos para o salón de actos e a aula de informática da residencia de estudantes. E pide transparencia na decisión, que se poña enriba da mesa toda a información.
- *Santiago Rodríguez*, deduce das palabras de Maximino que pode haber problemas na proposta Municipal e bota en falta dispoñer da enmenda da Presidencia do CEMV por escrito para poder atopar unha redacción de consenso.
- A Presidenta do CEMV apunta que o salón de actos da residencia non se estaba utilizando. A Concelleira solicitou por todos os medios que se asinaran convenios entre ambas administracións, pero todas as propostas foron rexeitadas.

Neste punto, o secretario propón a reunión da Comisión de Equipamentos para estudar, se é o caso, manter a proposta orixinal ou elaborar unha transacción entre a proposta e a enmenda.

A Comisión reúnese durante 10 minutos e expón á Presidenta unha enmenda transaccional, aceptada por esta, co seguinte texto:

Reunidos a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa e a Presidenta do CEMV, nun receso durante a celebración do Pleno do CEMV con data 1/07/10, acordan redactar e presentar a súa aprobación plenaria a seguinte enmenda transaccional entre a proposta da Comisión e a enmenda da Presidencia, en relación á situación do CEIP Altamar.

PROPOSTA

Instar con carácter de urxencia á Xunta de Galicia e ao goberno municipal de Vigo, a adoptar un acordo inmediato antes de rematado o presente ano, que inclúa as actuacións necesarias par a construción dun novo colexio para o CEIP Altamar, con todas as intalacións precisas, na zona na que se ubica o colexio. Tendo isto en conta e visto o informe urbanístico presentado polo Concello de Vigo no que se indica a legalidade e factibilidade de ampliación da edificación existente ata acadar as superficies mínimas obrigadas pola normativa vixente en materia de construcións escolares de infantil e primaria;

Proponse á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, o seguinte:

Tomar en consideración e executar no máis breve prazo posible, a oferta municipal de remodelación e ampliación en 1.200 m² das actuais instalacións do CEIP Altamar na rúa Cesáreo González.

Proponse ao Concello de Vigo, que realice as xestións oportunas para axilizar ao máximo a concesión dos permisos e licencias necesarias e para poñer a disposición do novo Colexio o uso exclusivo escolar de instalacións abundas para completar o programa de necesidades de patios e zonas de ocio nas anexas ao Colexio de propiedade municipal pertencentes ao Instituto Municipal dos Deportes”.

- *Maximino García* comenta que debería indicarse na enmenda Xunta de Galicia e Concello e non Consellería de Educación e Concellería de Educación, e acéptase este cambio por asentimento.

Procédese á votación da enmenda transaccional que textualmente se acaba de reproducir:

Acordos adoptados

Aprobación da enmenda transaccional

6. Información sobre o recurso de alzada interposto por CC.OO. contra o reparto do profesorado non universitario de centros públicos no sector docente, e da resolución da Presidenta do CEMV.


O secretario do CEMV procede á lectura do recurso de alzada e informa da resposta da Presidencia (expte. num 11842/332)

- *Antonio Madrid* lee o artigo do Regulamento de Organización e Funcionamento do CEMV onde se indica que os representantes do sector docente serán propostos polos sindicatos proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente, no municipio.
- *Rafael Ojea* informa que non se trata de entrar no fondo do asunto, que corresponde a outra instancia, senon de dar conta ao Pleno. As consideracións sobre o contido da resposta ao recurso, deberán, se o considera conveniente o recurrente, no correspondente recurso de reposición.

7. Rolda de preguntas.

- *Santiago Rodríguez*, representante docente da CIG, informa que de no DOG do luns publicouse a finalización das ensinanzas do centro San Tomé así como do Bacharelato de adultos no Ricardo Mella e no IES de Teis.
- *Laura López Atrio* indica que quizáis sexa un tema a tratar nunha comisión de traballo.
- *Antonio Madrid*, representante docente de CC.OO., pregunta sobre a infraestrutura que existe ao lado do Colexio Fleming e a posibilidade de que se use para fins sociais. Propón que se trate no CEMV este tema e que a Comisión Permanente o distribúa na comisión de traballo que corresponda.
- A Presidenta do CEMV solicita que se realice un estudo e unha proposta sobre os comedores escolares para resolver a demanda existente na actualidade. Propón que a Comisión Permanente aborde o tema dos comedores dun xeito amplo en todas as súas dimensións, tanto de planificación como de concepción do servizo, repartindo os temas entre as comisións de traballo.

O SECRETARIO DO CEMV



Rafael Ojea Pérez

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV



Laura López Atrio